

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA

CURSO: EDUCACION INFANTIL

DATA: 12/05/2020

TITORA: CELSA LINA IGLESIAS RODRIGUEZ

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

6º Educación Infantil. Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

Contidos	Criterio de avaliación	Indicadores específicos observables
O corpo: características diferenciais. Os cambios do corpo co paso do tempo.	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer progresivamente o seu corpo, identificando as súas características persoais e diferenciais. . Coñecer diferentes etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñécese en canto ao sexo. - Nomea algunhas diferenzas entre os nenos e as nenas. - Realiza estimacións na idade das persoas atendendo ao físico. - Conta, de xeito adecuado á idade, como é: louro/a, moreno/a, alto/a, baixo/a, cor dos seus ollos...
Ósos, articulacións e algúns órganos internos: corazón e pulmóns.	Coñecer como é o corpo por dentro, comprendendo a función, as características e a necesidade de ósos, articulacións e algúns órganos.	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe que grazas ao esqueleto nos mantemos de pé. - Coñece que os ósos son duros e que se unen polas articulacións. - Sabe que o corazón é un órgano moi importante e que nunca para.
Os cinco sentidos.	Utilizar os sentidos para experimentar, percibir sensacións e descubrir calidades nos obxectos.	<ul style="list-style-type: none"> - Localiza no seu corpo os órganos dos sentidos e noméaos. - Sinala o sentido polo que se pode percibir unha determinada calidade.
Movimentos e posturas do corpo. Progresiva coordinación e control. Progresivo control do ton, o equilibrio e a relaxación. Xogos e actividades psicomotoras.	Coñecer as súas posibilidades e limitacións motoras e controlar progresivamente os seus movementos.	<ul style="list-style-type: none"> - Adopta diferentes posturas en función da actividade que vai realizar. - Controla de xeito progresivo os seus movementos globais. - Controla a marcha e a parada. - Goza cos xogos e actividades psicomotoras.
Movimentos motores finos. Mellora na coordinación óculo-	Progresar nas habilidades motoras de carácter fino.	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza trazos e grafías con progresiva precisión. - Utiliza os pequenos instrumentos adecuadamente.

manual.		<ul style="list-style-type: none"> - Mellora a realización de actividades que requiren dunha habilidade motora fina.
Accións relacionadas cos hábitos de hixiene e coas súas rutinas diarias de alimentación, vestido e descanso.	<p>Ser progresivamente autónomo/a nas actividades e rutinas diarias.</p> <p>Satisfacer as súas necesidades fisiolóxicas sen axuda.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza as rutinas de hixiene só/soa. - Pon e quita só/soa algunha peza de vestir. - Utiliza adecuadamente os obxectos que necesita para realizar a hixiene dos dentes. - Vai só/soa ao baño. - Contribúe, de xeito adecuado á idade, á limpeza e a orde dos espazos nos que se realizan estas actividades.
Actividades cotiás: de xogo, de obrigas, de rutinas.	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolverse con autonomía progresiva nas diferentes actividades que realiza. 	<ul style="list-style-type: none"> - Diferencia tempo de traballo de tempo de xogo. - Participa nos xogos cos seus compañeiros e compañeiras. - Comprende as regras que rexen os xogos e respéctaa.
Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo e de traballo en equipo.	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar constancia na realización das actividades e tarefas. - Adquirir hábitos de traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Adquire progresivamente hábitos de traballo. - Está contento/a na clase. - É participativo/a e mostra interese. - Permanece sentado/a naquelas actividades que o requiren. - Permanece atento/a. - Resolve os pequenos conflitos que se lle presentan por medio do diálogo. - Participa nas actividades grupais.
Educación emocional: celos, medo, xenerosidade, vergoña, ilusión e coidado da natureza.	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar, expresar e controlar sentimentos e emocións básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica as expresións faciais das emocións traballadas en si mesmo/a e nos demais. - Controla de xeito adecuado á idade as súas emocións. - Mostra actitudes xenerosas.

		<ul style="list-style-type: none"> - Sabe que pode contribuír ao coidado da natureza. - Acepta as demostracións de afecto dos demais.
Diversidade e tolerancia.	<ul style="list-style-type: none"> - Demostrar actitudes de respecto cara a todas as persoas independentemente das súas características físicas ou pertenza a unha determinada raza. 	<ul style="list-style-type: none"> - É respectuoso/a con todos os compañeiros e compañeiras. - Non discrimina compañeiros ou compañeiras no xogo.

6º Educación Infantil. Coñecemento do contorno (medio físico, natural, social e cultural)

Contidos	Criterio de avaliación	Indicadores específicos observables
As estacións do ano.	Coñecer e nomear algúns dos cambios que se producen no medio coa chegada das diferentes estacións.	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece algunhas condicións climatolóxicas das estacións do ano. - Relaciona pezas de vestir propias do clima. - Nomea algúns alimentos característicos das diferentes estacións.
O colexio: espazos e dependencias, obxectos. Normas de relación e convivencia.	Coñecer o seu colexio e a súa clase identificando os obxectos característicos, respectando as normas de comportamento e establecendo relacións afectuosas e de tolerancia cos seus compañeiros e compañeiras.	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza adecuadamente os obxectos da clase. - Desenvólvese con autonomía progresiva nas diferentes dependencias da escola. - Cumpre as normas establecidas na clase. - Respecta e utiliza adecuadamente os obxectos propios e os de uso común. - escoita a opinión dos seus compañeiros e compañeiras. - É afectuoso/a co docente e cos compañeiros. - Comeza a adquirir hábitos de traballo en equipo. - Participa no mantemento da limpeza e orde na clase.
A casa: dependencias, obxectos propios dos diferentes espazos e accións que se realizan neles. Diferentes tipos de vivendas.	Identificar as partes e dependencias da casa e coñecer os obxectos propios e as accións que se realizan en cada unha delas. Coñece diferentes tipos de vivenda.	<ul style="list-style-type: none"> - Nomea diferentes partes dunha casa. - Describe de xeito sinxelo as accións que realiza nas diferentes dependencias. - Relaciona os diversos obxectos coa dependencia á que pertencen. - Coñece o nome de diferentes tipos de vivendas.
A familia: membros e relacións de parentesco	Identificar os diferentes membros da familia, establecendo relacións de parentesco.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica os diferentes membros da súa familia. - Establece relacións de parentesco entre membros

		dunha familia
Medios de transporte relacionados coas viaxes. A seguridade nos medios de transporte.	Coñecer algúns dos medios de transporte nos que se pode viaxar, relacionándoos cos medios físicos polos que se desprazan.	<ul style="list-style-type: none"> - Nomea algúns medios de transporte relacionados coas viaxes. - Relaciona os medios de transporte co medio físico polo que se desprazan. - Identifica diferentes paisaxes e lugares aos que se pode ir de viaxe. - Nomea obxectos e normas importantes para viaxar seguros.
As plantas: coidado e respecto. Importancia da auga para a vida das plantas. Alimentos de orixe vexetal.	Comprender a importancia das plantas para as persoas e iniciarse en actitudes de coidado e respecto cara a elas. Discriminar alimentos e produtos que se obteñen das plantas	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe que as plantas necesitan auga para vivir. - Coñece o nome dalgunhas plantas. - Nomea algúns alimentos que proceden das plantas. - Comprende que debemos coidar as árbores e plantas porque son necesarias para as persoas. - Colabora no coidado dalgunha planta na clase ou do horto.
Os animais de diferentes hábitats. Características morfolóxicas. Formas de desprazarse. Vertebrados e invertebrados. Os alimentos e produtos de orixe animal.	Coñecer as características morfolóxicas e as formas de desprazarse dalgúns animais, identificando algúns produtos e alimentos que nos proporcionan e desenvolvendo actitudes de respecto cara a eles.	<ul style="list-style-type: none"> - Nomea as características morfolóxicas dalgúns animais. - Nomea animais de diferentes hábitats. - Coñece a forma de desprazarse dalgúns animais. - Coñece o nome dalgúns alimentos que nos proporcionan os animais - Sabe que debe respectar e coidar os animais.
Diferentes tipos de alimentos: doces, froitas e verduras, característicos das diversas estacións. Alimentación saudable.	Discriminar diferentes tipos de alimentos atendendo a diversos criterios, comprendendo a importancia dunha alimentación sa e variada.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica o sabor doce e salgado dalgúns alimentos. - Nomea alimentos propios das diferentes estacións.
O espazo: o Sol, a Lúa, as estrelas, as galaxias, os planetas, asteroides	Iniciarse no coñecemento do espazo, coñecendo algúns dos astros que o constitúen	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe que o Sol é unha estrela. - Sabe que podemos ver a Lúa con diferentes

e cometas. O sistema solar. Os movementos da Terra.		formas. – Diferencia os momentos do día en que pode observar o Sol e a Lúa. – Sabe que a Terra é redonda e que se move.
A serie numérica: cardinais do 0 ao 10. Direccionalidade e grafía. Ordinais do 1º ao 9º. Ordenación temporal: anterior e posterior, antes e despois.	Identificar e realizar a grafía dos números do 0 ao 10, asociándoos coas cantidades correspondentes e relacionando cada número co seu ordinal.	– Coñece a direccionalidade dos números. – Realiza a grafía dos números traballados. – Sabe contar ata 10. – Asocia os números coas cantidades correspondentes.
Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e rombo.	Identificar e discriminar as figuras planas traballadas, localizando estas formas nos obxectos do seu contorno.	– Sinala obxectos coas formas traballadas. – Nomea obxectos coas formas traballadas. – Realiza de xeito axustado á idade o debuxo de figuras.
Nocións espaciais: dereita, esquerda, xunto, separado, diante, detrás, primeiro, último, a un lado, a outro lado, entre, no medio...	Situar e localizar obxectos e a si mesmo/a no espazo atendendo aos contidos traballados.	– Sinala obxectos que se encontran en diferentes situacións espaciais nomeadas. – Discrimina a diferenza da noción espacial “entre” e “no medio”. – Localiza obxectos que se encontran en diferentes situacións espaciais. – Localiza obxectos e a si mesmo/a atendendo os criterios traballados.
Cuantificadores básicos: cheo–baleiro, enteiro–metade, tantos como...	Discriminar adecuadamente os cuantificadores traballados e realizar clasificacións e agrupacións atendendo a estes.	– Comprende os cuantificadores traballados. – Diferencia se un conxunto ten tantos elementos como outro. – Realiza clasificacións e agrupacións atendendo aos criterios traballados.
Tamaños e medidas: grande–mediano–pequeno, curto–longo, alto–baixo, ancho–estreito, goso–	Diferenciar os tamaños traballados. Realizar estimacións moi simples de medida.	– Sinala obxectos e elementos do tamaño nomeado. – Localiza o obxecto mediano nun grupo. – Diferencia obxectos e elementos grosos e

delgado.		delgados. <ul style="list-style-type: none"> - Sabe se un obxecto ou elemento é ancho ou estreito. - Realiza clasificacións e agrupacións atendendo ás nocións traballadas.
Propiedades dos obxectos: repaso de cores primarias e algunhas secundarias, aberto-pechado, igual-diferente, recto-curvo, simetría...	Observar e discriminar as propiedades dos obxectos tendo en conta os contidos traballados.	<ul style="list-style-type: none"> - Sinala obxectos da cor que lle nomeen. - Nomea obxectos e elementos que sempre son dunha determinada cor. - Identifica semellanzas e diferenzas en imaxes parecidas e en obxectos. - Sabe que partes do corpo se abren e pechan. - Agrupa e clasifica obxectos tendo en conta as propiedades traballadas.
Series sinxelas.	Realizar diferentes series alternando dous ou tres criterios e lelas.	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza adecuadamente as series propostas. - Pon atención para determinar o criterio que segue unha serie.
Resolución de problemas matemáticos moi sinxelos. Iniciación á suma.	Resolver problemas que xorden na súa vida cotiá utilizando os contidos matemáticos aprendidos. Realiza sumas sinxelas.	<ul style="list-style-type: none"> - Aplica os coñecementos adquiridos para resolver problemas nos que interveñen o razoamento lóxico e as habilidades matemáticas. - Conta. - Agrupa. - Clasifica. - Suma ata a cantidade 10.

6º Educación Infantil. Linguaxes: comunicación e representación

Contidos	Criterio de avaliación	Indicadores específicos observables
<p>A linguaxe oral e a necesidade da comunicación.</p> <p>Ampliación progresiva do vocabulario.</p> <p>Produción da lingua oral cunha articulación adecuada.</p>	<p>Utilizar a comunicación oral para comunicarse e facerse entender cos seus iguais e co adulto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Posúe un léxico adecuado á idade. - Articula e pronuncia de xeito progresivamente correcto. - Comunícase oralmente cos demais. - Articula as frases adecuadamente. - Emprega, de xeito progresivo, frases cunha estrutura gramatical máis complexa. - Progresa o seu nivel de expresión oral. <ul style="list-style-type: none"> - Expressa os seus desexos, sentimentos, ideas e necesidades.
<p>Textos da tradición oral: contos, poesías, trabalinguas...</p>	<p>Comprender mensaxes e textos transmitidos de forma oral.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Progresa o seu nivel de comprensión verbal - Comprende as mensaxes dos seus compañeiros e compañeiras. - Comprende os contos. - É capaz de contar coas súas propias palabras o conto que leu o docente. - Participa nos diálogos da clase.

		<ul style="list-style-type: none"> - Achega ideas nas conversacións grupais.
Instrumentos da lingua escrita: ilustracións, carteis, imaxes, etiquetas, fotografías, murais, contos...	Mostrar interese polos diferentes soportes escritos presentes no seu contorno e iniciarse na comprensión da mensaxe que conteñen	<ul style="list-style-type: none"> - Responde adecuadamente a preguntas formuladas sobre as imaxes que observa. - Observa, le e interpreta pictogramas, imaxes, códigos e etiquetas.
Normas que rexen o intercambio lingüístico. Normas socialmente establecidas.	Coñecer as normas que rexen o intercambio lingüístico e aplicarlas nos seus intercambios orais.	<ul style="list-style-type: none"> - Respecta a quenda de palabra. - Solicita as cousas adecuadamente. - Sabe que debe escoitar os demais nos diálogos da clase - Mira a persoa que lle fala. - Saúda cando entra. - Despídese cando sae. - Dá as grazas.
Iniciación na lectoescritura: lectura de palabras e textos sinxelos.	Iniciarse nos usos orais da lectura e da escritura, en función do seu nivel madurativo, interesándose polas situacións de lectura e de escritura da aula.	<ul style="list-style-type: none"> - Goza nas situacións de lectura na clase. - Sabe a direccionalidade correcta da lectura. - Colle o lapis e senta adecuadamente para escribir. - Realiza trazos e grafías con progresiva precisión. - Comeza a orientarse no espazo gráfico esborranchando e realizando trazos nun espazo delimitado - Coñece a grafía do seu nome e dalgunhas letras.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none">-Observación directa-Análise das produccions do alumnado-Entrevistas coas familias-Intercambios orais cos alumnos
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">- Rexistro anecdótico- Produccions orais- Produccions plásticas- Resolución de exercicios
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación farase tendo en conta as aprendizases desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como as actividades de reforzo realizadas durante o último trimestre.
PUBLICIDADE	As actividades publícanse na web do centro.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades son de repaso e reforzo, permitindo asentar os contidos traballados e ser a base para asentar novos aprendizaxes.</p> <p>As actividades serán lúdicas, creativas, interactivas, dinámicas e activas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A través do correo electrónico</p> <p>Da web do centro</p> <p>De videollamadas</p>
Materiais e recursos	<p>Actividades interactivas mediante recursos dispoñibles nas web de xeito gratuíto na rede (actividades dixitais: vídeos, audios...)</p> <p>Fichas en formato PDF</p>